

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

Tendo en conta os expedientes remitidos a esta Alcaldía que se relacionan a continuación, os cales xustifican a convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, polos motivos que igualmente se xustifican:

- Expediente de contratación número 2020/C004/000025, dado que no mes de xuño de 2021 o Concello de Cambre debe acreditar que ten formalizados os contratos para a execución dos proxectos relativos á actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, polo que cómpre ten adxudicado antes de que remate o ano o presente expediente para a contratación das redaccións dos proxectos, e posterior dirección e coordinación de seguridade das actuacións a realizar, xa que en caso contrario non sería posible cumprir cos prazos da subvención.
- Concesión de complemento de produtividade por remanente, de conformidade co artigo 8 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre para a súa tramitación á maior brevidade posible.

Por todo isto, considero adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

**2º.- Proposta de adxudicación dos lotes 1 a 5 do contrato do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre. Expte: 2020/C004/000025**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000025 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre, dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, dividíndose o obxecto do contrato en cinco lotes, cun valor estimado total de 83.983,00 € e un orzamento base de licitación para os cinco lotes de 83.983,00 € sen IVE, 101.619,43 € euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas actas das mesas de contratación de datas 30 de outubro e 7 de decembro de 2020 respecto das ofertas presentadas nos distintos lotes no presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas con data 7 de decembro de 2020 pola Mesa de contratación a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes nos que ofertaron, iso de conformidade cos resultados das valoracións que constan nas actas de 30 de outubro e 7 de decembro de 2020, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas do presente procedemento.

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios nos distintos lotes o prazo de sete días hábiles para que presenten a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva dos informes emitidos pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con datas do 18 (lotes nºs 1 a 4 ) e 22 (lote nº 5) de decembro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 23 de decembro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 450/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 23/12/2020

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, adoptando os seguintes acordos sobre admisión das ofertas presentadas , todo esto segundo as propostas formuladas para os diferentes lotes pola Mesa de Contratación con data do 8 de setembro de 2020:

Para o Lote nº 1 : *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE”*,

Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, correspondentes ao Lote 1 *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE”*, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A. do mesmo:

- Giga, S.L.
- Letter Ingenieros, S.L.
- Sertogal, S.L.
- Soltec Ingenieros, S.L.
- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P.

Para o Lote nº 2 : *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA”*

Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, correspondentes ao Lote 2 *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA”*, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A. do mesmo:

- Giga, S.L.
- Letter Ingenieros, S.L.
- Sertogal, S.L.
- Soltec Ingenieros, S.L.
- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P.

Para o Lote nº 3 : *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE”*

Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, correspondentes ao Lote 3 *“Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE”*, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A. do mesmo:

- Giga, S.L.
- Letter Ingenieros, S.L.
- Sertogal, S.L.
- Soltec Ingenieros, S.L.
- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P.

Para o Lote nº 4 : "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CE-CECEBRE (Polígono del Espíritu Santo)",

Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, correspondentes ao Lote 4 "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CE-CECEBRE (Polígono del Espíritu Santo)", por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A. do mesmo:

- Giga, S.L.
- Letter Ingenieros, S.L.
- Sertogal, S.L.
- Soltec Ingenieros, S.L.
- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P.

Para o Lote nº 5 : "Coordinación de seguridade e saúde para cada unha das actuacións (lotes 1-4) previstas

Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, correspondentes ao Lote 5 "Coordinación de seguridade e saúde para cada unha das actuacións (lotes 1-4) previstas", por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do Prego de cláusulas administrativas particulares e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.B. do mesmo:

- Ingeniería y Prevención de riesgos S.L.
- Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)

**Segundo:** De conformidade co informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal con data do 26 de outubro de 2020, e máis coa proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 30 de outubro de 2020, outorgar ás empresas admitidas nos diferentes lotes que integran o contrato as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor contemplados na Cláusula 12, e acordar a exclusión da segunda fase de valoración da entidade que a seguir se indica :

- Para o Lote nº 1 : "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE" :

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 1 "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE" as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na Cláusula 12.1.1.- Fase 1: Criterios sometidos a xuízo de valor: 45 puntos:

| Total Valoración Sobre B Lote 1 (Máx. 45 pts)             |  |   |   |                                  |   |               |
|---|--|---|---|----------------------------------|---|---------------|
| Memoria técnica descriptiva do proxecto<br>(máx.. 25 pts) |  |   | Memoria técnica dirección facultativa<br>(máx.. 20 pts)     |                                  |   | TOTAL         |
| CRITERIOS DE<br>ADXUDICACIÓN                              | Metodología y descripción de cómo se elaborará el proyecto | Cronograma, en forma de diagrama de Gantt o de barras | Conocimiento de la problemática y de los trabajos a dirigir | Sistema de control y seguimiento | Cronograma, en forma de diagrama de Gantt o de barras |               |
| EMPRESAS  | (max. 20 pts.)   | (max. 5 pts.)   | (max. 10 pts.)  | (max. 5 pts.)                    | (max. 5 pts.)   | (Max 45 pts.) |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|                                      |       |      |      |      |      |       |
|--------------------------------------|-------|------|------|------|------|-------|
| 1,- Giga, S.L.                       | 12,44 | 1,50 | 5,71 | 1,92 | 1,50 | 23,08 |
| 2,- Letter Ingenieros, S.L.          | 16,78 | 4,00 | 7,93 | 3,22 | 3,80 | 35,72 |
| 3,- Sertogal, S.L.                   | 13,04 | 3,00 | 5,94 | 2,83 | 1,50 | 26,32 |
| 4,- Soltec Ingenieros, S.L.          | 8,71  | 3,00 | 4,86 | 3,25 | 2,00 | 21,82 |
| 5,- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P. | 10,11 | 2,50 | 5,36 | 3,08 | 2,50 | 23,55 |

Tendo en conta que a puntuación global obtida pola empresa "Soltec Ingenieros, S.L." na primeira fase de valoración non supera os 22,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1), que é a puntuación mínima establecida na Cláusula 12.1.1 do PCAP para superar esta fase, acordar que esta empresa queda excluída da Fase 2 e do procedemento.

Para o Lote nº 2 : "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA"

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 2 "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA" as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na Cláusula 12.1.1.- Fase 1: Criterios sometidos a xuízo de valor: 45 puntos:

| Total Valoración Sobre B Lote 2 (Máx. 45 pts)             |  |   |  |  |   |               |
|---|--|---|--|--|---|---------------|
| Memoria técnica descriptiva do proxecto<br>(máx.. 25 pts) |  |   | Memoria técnica dirección facultativa<br>(máx.. 20 pts)              |  |   | TOTAL         |
| CRITERIOS DE<br>ADXUDICACIÓN                              | Metodología y<br>descripción de<br>cómo se<br>elaborará el<br>proyecto | Cronograma,<br>en forma de<br>diagrama de<br>Gantt o de<br>barras | Conocimiento de<br>la problemática y<br>de los trabajos a<br>dirigir | Sistema de<br>control y<br>seguimiento | Cronograma,<br>en forma de<br>diagrama de<br>Gantt o de<br>barras |               |
| EMPRESAS  | (máx.. 20 pts.)  | (máx.. 5 pts.)  | (máx.. 10 pts.)  | (máx.. 5 pts.)                         | (máx.. 5 pts.)  | (Max 45 pts.) |
| 1,- Giga, S.L.  | 12,44  | 1,50  | 5,71   | 1,92                                   | 1,50  | 23,08         |
| 2,- Letter Ingenieros, S.L.                               | 16,78  | 4,00  | 7,93   | 3,22                                   | 3,80  | 35,72         |
| 3,- Sertogal, S.L.  | 13,04  | 3,00  | 5,94   | 2,83                                   | 1,50  | 26,32         |
| 4,- Soltec Ingenieros, S.L.                               | 8,71   | 3,00  | 4,86   | 3,25                                   | 2,00  | 21,82         |
| 5,- Taller de Ingeniería MYL, S.L.P.                      | 10,11  | 2,50  | 5,36   | 3,08                                   | 2,50  | 23,55         |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Tendo en conta que a puntuación global obtida pola empresa "Soltec Ingenieros, S.L." na primeira fase de valoración non supera os 22,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1), que é a puntuación mínima establecida na Cláusula 12.1.1 do PCAP para superar esta fase, acordar que esta empresa queda excluída da Fase 2 e do procedemento.

Para o Lote nº 3 : "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE"

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 3 "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE" as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na Cláusula 12.1.1.- Fase 1: Criterios sometidos a xuízo de valor: 45 puntos:

| Total Valoración Sobre B Lote 3 (Máx. 45 pts)             |  |   |  |                                     |   |               |
|---|--|---|--|-------------------------------------|---|---------------|
| Memoria técnica descriptiva do proxecto<br>(máx.. 25 pts) |  |   | Memoria técnica dirección facultativa<br>(máx.. 20 pts)              |                                     |   | TOTAL         |
| CRITERIOS DE<br>ADXUDICACIÓN                              | Metodología y<br>descripción de<br>cómo se<br>elaborará el<br>proyecto | Cronograma,<br>en forma de<br>diagrama de<br>Gantt o de<br>barras | Conocimiento de<br>la problemática y<br>de los trabajos a<br>dirigir | Sistema de control<br>y seguimiento | Cronograma,<br>en forma de<br>diagrama de<br>Gantt o de<br>barras |               |
| EMPRESAS  | (máx.. 20 pts.)  | (máx.. 5 pts.)  | (máx.. 10 pts.)  | (máx.. 5 pts.)                      | (máx.. 5 pts.)  | (Max 45 pts.) |
| 1,- Giga, S.L.  | 12,44  | 1,50  | 5,71   | 1,92                                | 1,50  | <b>23,08</b>  |
| 2,- Letter Ingenieros, S.L.                               | 16,78  | 4,00  | 7,93   | 3,22                                | 3,80  | <b>35,72</b>  |
| 3,- Sertogal, S.L.  | 13,04  | 3,00  | 5,94   | 2,83                                | 1,50  | <b>26,32</b>  |
| 4,- Soltec Ingenieros, S.L.                               | 8,71   | 3,00  | 4,86   | 3,25                                | 2,00  | <b>21,82</b>  |
| 5,- Taller de Ingeniería<br>MYL, S.L.P                    | 10,11  | 2,50  | 5,36   | 3,08                                | 2,50  | <b>23,55</b>  |

Tendo en conta que a puntuación global obtida pola empresa "Soltec Ingenieros, S.L." na primeira fase de valoración non supera os 22,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1), que é a puntuación mínima establecida na Cláusula 12.1.1 do PCAP para superar esta fase, acordar que esta empresa queda excluída da Fase 2 e do procedemento.

Para o Lote nº 4 : "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CE-CECEBRE (Polígono del Espíritu Santo)",

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 4 "Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CE-CECEBRE (Polígono del Espíritu Santo)", as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na Cláusula 12.1.1.- Fase 1: Criterios sometidos a xuízo de valor: 45 puntos:





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

| <b>Total Valoración Sobre B Lote 4 (Máx. 45 pts)</b>              |   |   |  |  |  |                      |
|---|---|---|--|--|--|----------------------|
| <b>Memoria técnica descriptiva do proxecto<br/>(máx.. 25 pts)</b> |   |   | <b>Memoria técnica dirección facultativa<br/>(máx.. 20 pts)</b>                    |  |  | <b>TOTAL</b>         |
| <b>CRITERIOS DE<br/>ADXUDICACIÓN</b>                              | <b>Metodología<br/>y descripción<br/>de cómo se<br/>elaborará el<br/>proyecto</b> | <b>Cronograma<br/>, en forma<br/>de diagrama<br/>de<br/>Gantt o de<br/>barras</b> | <b>Conocimiento<br/>de la<br/>problemática y<br/>de los trabajos<br/>a dirigir</b> | <b>Sistema de<br/>control y<br/>seguimient<br/>o</b> | <b>Cronograma,<br/>en forma de<br/>diagrama de<br/>Gantt o de<br/>barras</b> |                      |
| <b>EMPRESAS</b>   | <b>(máx.. 20<br/>ptos.)</b>   | <b>(máx.. 5<br/>ptos.)</b>  | <b>(máx.. 10<br/>ptos.)</b>  | <b>(máx.. 5<br/>ptos.)</b>                           | <b>(máx.. 5 pts.)</b>  | <b>(Max 45 pts.)</b> |
| <b>1,- Giga, S.L.</b>   | 12,44   | 1,50  | 5,71   | 1,92   | 1,50   | <b>23,08</b>         |
| <b>2,- Letter Ingenieros,<br/>S.L.</b>                            | 16,67   | 4,00  | 7,93   | 3,22   | 3,80   | <b>35,61</b>         |
| <b>3,- Sertogal, S.L.</b>   | 13,04   | 3,00  | 5,94   | 2,83   | 1,50   | <b>26,32</b>         |
| <b>4,- Soltec Ingenieros,<br/>S.L.</b>                            | 8,71  | 3,00  | 4,86   | 3,25   | 2,00   | <b>21,82</b>         |
| <b>5,- Taller de<br/>Ingeniería MYL, S.L.P</b>                    | 10,11   | 2,50  | 5,36   | 3,08   | 2,50   | <b>23,55</b>         |

Tendo en conta que a puntuación global obtida pola empresa "Soltec Ingenieros, S.L." na primeira fase de valoración non supera os 22,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1), que é a puntuación mínima establecida na Cláusula 12.1.1 do PCAP para superar esta fase, acordar que esta empresa queda excluída da Fase 2 e do procedemento.

Para o Lote nº 5 : "Coordinación de seguridade e saúde para cada unha das actuacións (lotes 1-4) previstas

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 5 "Coordinación de seguridade e saúde para cada unha das actuacións (lotes 1-4) previstas" as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor contemplados na Cláusula 12.2.1.- Fase 1: Criterios sometidos a xuízo de valor: 45 puntos

| <b>Total Valoración Sobre B Lote 5 (Máx. 45 pts)</b>             |   |   |   |                      |
|--|---|---|---|----------------------|
| <b>Memoria técnica descriptiva do proxecto<br/>(máx. 30 pts)</b> |   |   | <b>Dossier de<br/>procedementos de<br/>traballo</b> | <b>TOTAL</b>         |
| <b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN</b>                                 | <b>Conocimiento de<br/>la problemática y<br/>de los trabajos a<br/>coordinar:</b> | <b>Sistema de control y<br/>seguimiento</b> |   |                      |
| <b>EMPRESAS</b>  | <b>(máx. 15 pts.)</b>   | <b>(máx.. 15 pts.)</b>                      | <b>(máx.. 15 pts.)</b>                              | <b>(Max 45 pts.)</b> |

|   |       |       |      |              |
|---|-------|-------|------|--------------|
| <b>1,- Ingeniería y Prevención de riesgos, S.L.</b>                               | 10,20 | 11,15 | 6,19 | <b>27,54</b> |
| <b>2,- Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR)</b> | 10,70 | 13,10 | 9,00 | <b>32,80</b> |

**Terceiro:** Tendo en conta o informe emitido pola Enxeñeira Técnica de Obras Pública municipal, con data do 4 de decembro de 2020, comprensivo da valoración dos criterios avaliados automaticamente correspondentes aos cinco lotes en que se divide a contratación, e maila proposta formulada con data do 7 de decembro de 2020 pola Mesa de Contratación, outorgar ás empresas admitidas nos diferentes lotes do contrato as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios de adjudicación de valoración automática ou mediante fórmulas contemplados na Cláusula 12 do PCAP:

- Para o Lote nº 1 : “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE” :

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 1 “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista CA-CAMBRE” as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios de adjudicación de valoración automática ou mediante fórmulas contemplados na Cláusula 12.1.2. do PCAP:

| Licitador                        | Puntos |         |                       |                               | TOTAL |
|----------------------------------|--------|---------|-----------------------|-------------------------------|-------|
|                                  | Precio | Visitas | Cualificación técnica | Compromiso asistencia técnica |       |
| Giga, S.L.                       | 25,00  | 10      | 2                     | 5                             | 42,00 |
| Letter Ingenieros, S.L.          | 18,03  | 10      | 0                     | 5                             | 33,03 |
| Sertogal, S.L.                   | 18,75  | 10      | 0                     | 5                             | 33,75 |
| Taller de Ingeniería MYL, S.L.P. | 20,70  | 10      | 0                     | 5                             | 35,70 |

- Para o Lote nº 2 : “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA”

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 2 “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista AB-A BARCALA” as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios de adjudicación de valoración automática ou mediante fórmulas contemplados na Cláusula 12.1.2. do PCAP:

| Licitador                        | Puntos |         |                       |                               | TOTAL |
|----------------------------------|--------|---------|-----------------------|-------------------------------|-------|
|                                  | Precio | Visitas | Cualificación técnica | Compromiso asistencia técnica |       |
| Giga, S.L.                       | 25,00  | 10      | 2                     | 5                             | 42,00 |
| Letter Ingenieros, S.L.          | 20,18  | 10      | 0                     | 5                             | 35,18 |
| Sertogal, S.L.                   | 18,75  | 10      | 0                     | 5                             | 33,75 |
| Taller de Ingeniería MYL, S.L.P. | 20,69  | 10      | 0                     | 5                             | 35,69 |





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Para o Lote nº 3 : “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE”

Outorgar ás empresas admitidas no Lote 3 “Redacción proxecto técnico de execución e dirección da obra, así como xustificación documental da actuación prevista OT- O TEMPLE” as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios de adjudicación de valoración automática ou mediante fórmulas contemplados na Cláusula 12.1.2. do PCAP:

| Licitador                        | Puntos |         |                       |                               |       |
